UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Lingua Inglesa e os seus Usos 2 | | Código | 613G03037 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Nuñez Puente, Carolina | Correo electrónico | c.nunez@udc.es | |
| Profesorado | Nuñez Puente, Carolina | Correo electrónico | c.nunez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Ampliación do estudo normativo e comunicativo da lingua inglesa. Elaboración e análise de textos orais e escritos de tipo académico. Nivel lingüístico que se espera alcanzar: C1 (Advanced) máis algunhas competencias de C2 (Proficiency). | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos: Ningunha.<br><br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen: Todas (discusión dirixida, obradoiro, presentación oral e proba mixta).<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican: As clases impartiranse a través de Moodle e/ou Teams. Crearei un foro de debate para discutir os temas do curso e facer os exercicios, e un canal para colgar os vídeos das presentacións.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Email e/ou vídeo-tutoría en Teams.<br><br>4. Modificacións na avaliación: A proba mixta realizarase de forma síncrona a través de Moodle ou Teams.<br><br>*Observacións de avaliación: En caso de fallos do sistema ou problemas de conexión xustificados durante as probas síncronas, a profesora dará alternativas (ex. email, teléfono).<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha.<br><br>Nunha situación de docencia semi-presencial, a profesora aproveitará o tempo na aula para tratar co alumnado todas as cuestións que sexan necesarias. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Durante e (especialmente) ao final do curso, espérase que os/as estudantes saiban como...<br><br>-coñecer e utilizar ferramentas retóricas (ex. metáfora, símil) e críticas (ex. feminismo, ironía) na análise de textos,<br><br>-ler críticamente textos teóricos e literarios,<br><br>-escribir sen faltas de ortografía, erros de puntuación, etc.<br><br>-redactar ensaios tanto breves como longos (ex. TFG) en inglés académico,<br><br>-empregar as normas de escritura académica (ex. confeccionar unha bibliografía),<br><br>-facer unha presentación oral, xa sexa académica ou performativa,<br><br>-discutir respetuosamente sobre temas académicos. | A1<br>A2<br>A6<br>A9<br>A15<br>A18<br>A20 | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B8<br>B9<br>B10 | C4<br>C6<br>C7<br>C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| UNIT 1. The short essay | Introduction, topic sentence, thesis statement, body, subtopics and arguments, conclusion, and title. Formal and informal English. Connotation and denotation. Linking words and building paragraphs. Punctuation. |
| UNIT 2. Tools for academic writing | Spelling, capitalization, word choice (e.g. avoiding sexist/discriminatory language), tone, clarity (e.g. coherence, structure), exactness, conciseness, etc. Academic topics: art, AI, capitalocene, green/environmental humanities, decolonial critique, ethics of joy, naturecultures, trans*, transhumanism/posthumanism, violence, etc. |
| UNIT 3. Tools for critical reading | -Rhetorical devices: allegory, alliteration, anaphora, assonance, chiasmus, epistrophe, hyperbaton, litotes, metaphor, metonymy, motif, onomatopoeia, oxymoron, paradox, pun, simile, synaesthesia, symbol, synecdoche, tautology, zeugma, etc.<br><br>-Critical terms: Bildungsroman, catharsis, deconstruction, diegesis, epistemology, feminist criticism, free indirect style, genre, heteronormativity, irony, logocentrism, metafiction, mimesis, mise en abyme, narrator, ontology, phallogocentric, queer theory, rhyme, satire, stream of consciousness, etc. |
| UNIT 4. The close-reading method | Type of text, opening lines, location and time, story, pace, themes, rhetorical figures, characters, type of narrator, point of view, tone, closing lines, meanings, interpretations, etc. |
| UNIT 5. The end-of-degree project (or TFG in Spanish) | Regulations of the Faculty of Philology (UDC). Planning and timing. The project itself: aims, methodology, table of contents, structure, quotations, footnotes, list of Works Cited, appendix, and abstract. The MLA Style. Information resources (online catalogues, databases, etc.). Plagiarism. The formality of the oral presentation. |
| UNIT 6. Humor to survive and, thus, read and write | What is humor? Ethics, theories (incongruity, relief, superiority, play, etc.), and practical examples (e.g. cultural differences, language usages). |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Obradoiro | A1 A2 A6 A15 A18 B3 B4 B10 C7 | 32 | 26 | 58 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Proba mixta | A1 A6 A15 A18 B6 B10 | 2.5 | 33.5 | 36 |
| Presentación oral | A1 A2 A6 A9 A15 A20 B1 B5 B8 B9 C4 C6 C8 | 1 | 10 | 11 |
| Discusión dirixida | A6 A18 B4 B5 B8 B9 B10 C6 C8 | 16 | 26 | 42 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Obradoiro | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |
| Presentación oral | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. |
| Discusión dirixida | Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Presentación oral | Estou encantada de recibir ao alumnado no meu gabinete e/ou a través de Teams nas horas de titoría. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Discusión dirixida | A6 A18 B4 B5 B8 B9 B10 C6 C8 | O alumnado dispoñerá dun calendario de lecturas e deberá ler os textos antes de cada clase para seguir a explicación da profesora, participar en debates, responder preguntas, etc. A participación oral contará como PUNTOS EXTRA (ver observacións). | 0 |
| Obradoiro | A1 A2 A6 A15 A18 B3 B4 B10 C7 | -Comprensión lectora: 20% = 10% (exercicios en grupo) + 10% (comprensión lectora individual). Nas clases pequenas, o alumnado producirá comprensións de lectura en equipos. Nunha data por anunciar, haberá que facer UNHA comprensión de lectura individual.<br><br>-Ensaios: 20% = 10% (exercicios en grupo) + 10% (ensaio individual). Cada semana, as/os estudantes agruparanse para facer exercicios de escritura e/ou redactar ensaios sobre un tema académico. Tamén teredes que escribir UN ensaio individual (data: por anunciar). | 40 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proba mixta | A1 A6 A15 A18 B6 B10 | O exame final constará de preguntas/exercicios relacionados cos materiais do curso. Haberá un exame parcial sobre a primeira metade dos devanditos materiais. O estudantado que o aprobe só terá que estudar a segunda metade para o exame final; quen suspenda o parcial serán examinadas/os de todo o programa en xuño e/ou xullo. | 50 |
| Presentación oral | A1 A2 A6 A9 A15 A20 B1 B5 B8 B9 C4 C6 C8 | Presentación grupal (OPCIONAL): 10%. Anímovos a facer unha presentación/performance en clase en grupos de entre 3 e 9 estudantes. O tema desta actividade é o HUMOR, que pode abordarse de maneira académica ou performativa. Se elixides o enfoque académico, teredes que usar unha presentación en PPT para discutir teorías do humor, analizar unha película/texto cómico, etc.; no canto diso, podedes optar por recitar poemas humorísticos, escenificar diálogos de comedias, etc. Aínda que está prohibido ler de notas, é recomendable disfrazarse para a performance; en calquera caso, ensaiar é fundamental. | 10 |

| Observacións avaliación |
|---|
| -Todas as actividades, incluídos os exames, teñen que estar escritas con letra clara; os erros de gramática, vocabulario, deletreo, puntuación e estilo en xeral repercutirán negativamente nas notas.-Para aprobar a materia, hai que sacar polo menos un 5 sobre 10 nos apartados do OBRADOIRO, a PROBA MIXTA e a nota final. -A participación oral do alumnado contará como puntuación extra, que se engadirá á nota final a condición de que esta sexa igual ou superior a 5. -No exame oficial de XULLO haberá preguntas/exercicios sobre as lecturas obrigatorias, un ensaio e unha comprensión lectora. A data do exame, teredes que entregar o resto dos exercicios de lectura e/ou escritura. A presentación en grupo tamén será opcional. Cabe sinalar que cada estudante deberá realizar a(s) sección(s) que non superase na primeira oportunidade.-O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.-O estudiantado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase segundo os criterios establecidos para a oportunidade de xullo.-Para NON obter a cualificación de "Non presentado", a/o estudante debe facer polo menos a metade do traballo puntuable.-Todos os traballos deberán ser entregados en tempo e forma para evitar así unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.-O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do estudiantado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" na mesma.-Se a coordinadora considérao conveniente, poderá haber temas de auto-estudo por parte do alumnado (ex. para ampliar coñecementos). Estes materiais, que non serán obxecto de avaliación, serán provistos en Moodle. |

| Fontes de información |
|---|

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | Baldick, Chris.The Concise Oxford Dictionary of Literary Terms. Oxford UP, 2001.Barnet, Sylvan, Pat Bellanca, and Marcia Stubbs. A Short Guide to College Writing. Harvard UP, 2014.?Biblioguía: Cómo elaborar un trabajo académico: TFG/TFM.? Universidad Loyola, 2021, www.uloyola.es/investigacion/biblioteca/biblioguias/biblioguia-elaborar-tfm-tfg. Accessed 16 July 2021.Braidotti, Rosi, and Maria Hlavajova, editors. Posthuman Glossary. Bloomsbury, 2018.Childs, Peter, and Roger Fowler. The Routledge Dictionary of Literary Terms. Routledge, 2006.Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. Collins ELT, 2012.Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book and CD). Collins ELT, 2005.?Cómo elaborar un trabajo de curso.? Biblioteca de la Universidad de A Coruña, 2017, www.udc.es/es/biblioteca/servizos/apoio_aprendizaxe/servizos_apoio/traballo_curso/. Accessed 16 July 2021.Critchley, Simon. ?Did You Hear the One about the Philosopher Writing a Book on Humour?? Richmond Journal of Philosophy, no. 2, Autumn 2002, pp. 1-6.Cuddon, J.A. A Dictionary of Literary Terms and Literary Theory. Wiley-Blackwell, 2013.Glenn, Cheryl, and Loretta Gray. The Hodges Harbrace Handbook with MLA 2016 Update Card. Cengage Learning, 2016.Hewings, Martin. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge UP, 2009.MLA Handbook. Modern Language Association of America, 2021.MLA Style Center. Modern Language Association of America, 2021, style.mla.org/. Accessed 16 July 2021.Morreall, John. ?Philosophy of Humor.? The Stanford Encyclopedia of Philosophy, Fall 2020, plato.stanford.edu/entries/humor/. Accessed 16 July 2021.Oxford English Dictionary. Oxford UP, 2017, www.oed.com. Accessed 16 July 2021.Prieto Pablos, Juan A., and Manuel J. Gómez Lara. The Ways of the Word. Universidad de Huelva, 2003.Special Issue on Humor, The Monist, vol. 88, no. 1, 2005. Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford UP, 2005.The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue University, 2008, owl.purdue.edu/owl/research_and_citation/mla_style/mla_formatting_and_style_guide/mla_formatting_and_style_guide.html. Accessed 16 July 2021. |
| **Bibliografía complementaria** | |

| **Recomendacións** |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Lingua Inglesa 4/613G03019<br>Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| Recoméndase superar as materias Lingua Inglesa 4 e Lingua Inglesa e os seus Usos 1. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**